Rías Baixas

memoria exercicio

2013

Carta del presidente

Dixo Víctor Hugo que o futuro ten moitos nomes. Para os débiles é o inalcanzable. Para os temerosos, o descoñecido. Para os valentes, a oportunidade. Sabias palabras que nos animan a ser valentes e a crer en que o futuro está nas nosas mans.

Durante os últimos anos, desde este Consello Regulador colaboramos intensamente coa Conferencia Española de Consellos Reguladores, de cuxa xunta directiva formamos parte, para –entre outras cousas– enriquecer a nova normativa da OCM e reconducir aqueles aspectos que menos nos gustaban, dándolles o enfoque que máis poidera beneficiar a nosa viticultura. Unha das frontes máis importantes era conseguir a limitación do crecemento incontrolado da superficie do viñedo, evitando así o grave risco de desequilibrio na produción. Un desequilibrio que perxudicaría especialmente a nosa viticultura tradicional, caracterizada polo minifundismo, que é un dos nosos elementos diferenciadores e o noso sinal de identidade. Podo hoxe dicir que este obxectivo alcanzouse –aínda que non en toda a dimensión que a nós nos gustaría– e que con el salvagardamos o futuro dos nosos viticultores. Afrontamos ese reto con valentía para convertilo nunha oportunidade para este Consello Regulador, asegurando así a supervivencia dun sector dinámico que loita cada día polo seu porvir.

Os viños de Rías Baixas están presentes hoxe en multitude de países dos cinco continentes. As exportacións, que se incrementan ano a ano, permitiron ás adegas sobrelevar a crise con relativa tranquilidade, pero elo non debe traducirse en relaxación, senón que nos debe animar a buscar novas oportunidades de crecemento, esta vez no mercado nacional. Non debemos perdelo de vista, e non debemos retroceder no noso intento de conquistalo como estamos a facer co mercado internacional. Temos que introducir con forza os viños de Rías Baixas en todos os rincóns da xeografía española. Esta é, de feito, unha das tarefas que nos encomenda o Plan Director da D.O. Rías Baixas para seguir crecendo. É por elo, que desde este Consello Regulador seguiremos dedicando importantes recursos a accións de promoción e campañas de comunicación no mercado español, articulando fórmulas que nos permitan chegar de maneira efectiva a todos os consumidores en calquera das comunidades autónomas.

O Plan Director, realizado pola Escola de Negocios da Fundación Novacaixagalicia, dinos tamén que este sector xera na nosa zona de influencia un total de 7.600 empregos directos estables e 5.200 de carácter eventual nas épocas de maior actividade. O emprego, a xeración de riqueza para o noso territorio, a notoriedade e alto grao de coñecemento da nosa Denominación de Orixe e das súas marcas indícannos que estamos no bo camiño. Pero tamén nos lembra Víctor Hugo, que o futuro é dos valentes e que, como tales, debemos seguir traballando en novos obxectivos que pasan por potenciar o enoturismo na Ruta do Viño Rías Baixas, por profundizar na investigación e desenvolvemento de novos produtos, por potenciar a innovación nos sistemas de cultivo, pola investigación para conseguir o mellor mantemento do medio ambiente e, en definitiva, por sermos cada día máis eficaces no desenvolvemento dun sector económico sostible. Só así cumpriremos o noso cometido: xerar riqueza e, conseguintemente, estabilidade social e económica para as nosas empresas e para a nosa poboación, contribuíndo ademais á sostibilidade do territorio.

Juan Gil de Araujo González de Careaga
Presidente do Consello Regulador
D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga

VICEPRESIDENTE

D. Fernando Bandeira García. – Bodegas La Val, S.L

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Antonio Álvarez Suárez. – Agromiño, S.L.
D. Manuel Carrera González.
D. Manuel A. Dopazo Padín – Explotaciones Vitivinícolas Rías Baixas, S.L.
D. Daniel Fornos Castro.
D. Horacio Gómez Araujo. – Bodegas Altos de Torona, S.L.
D. Jesús Paz Parracho.
D. Julio Reboredo Froiz. – Blanco Chaves y Abuelo, S.L.
D. Luis Rodríguez Balsa.
D. José Villanueva González.

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. José María Campos Pérez. – Adegas Tollodouro, S.A.
D. Francisco Dovalo López. – Cabaleiro do Val, S.L.
D. Carlos Gómez Davila. – Adegas Valmiñor, S.L.
Dna. Mª Victoria Mareque Bueno. – Pazo de Señorans, S.L.
D. Gerardo Méndez Lázaro. – Bodegas Gerardo Méndez, S.L.
D. Antonio Méndez Rodríguez. – Bodegas Coto Redondo, S.L.
D. Manuel Otero Candeira – Bodegas Agro de Bazan, S.A.
D. Eulogio Pomares Botana. – Eulogio Pomares Zárate e Hijos, S.L.

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. José Estévez Pomar. – Viña Almirante, S.C.G.
Dña. Belén Varela Gestoso – Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
D. Juan Vázquez Gancedo. – Bodegas Martín Códax, S.A.U.
D. Xavier Zas García. – Adega Condes de Albarei, S.A.U.

VOGAIS DELEGADOS

D. José Manuel Fernández Castro
D. Gerardo Zugasti Enrique

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS



ESTRUCTURA DEL ÓRGANO DE CONTROL



Relación de xerarquía de Cadro de Persoal e Contratación, deberes e servizos solicitados directamente polo Pleno, pero con independencia en temas de Inspección e Auditoría.

Dependencia xerárquica, incluíndo no caso do Órgano de Control, as decisións sobre Control de Calidade e iniciación e resolución de expedientes de auditoría en Inspección.

Colleita de datos

O novo Plan Director radiografía o pasado e lanza os retos decisivos para o futuro

O segundo Plan Director presentado en abril deste ano, e realizado ao longo dos anos 2012-2013 supón un complexo traballo de recollida de datos, análise e reflexión, para obter conclusións precisas sobre os retos que afronta o sector na DO Rías Baixas.

Retos incrementados pola situación de crise económica que desde o poder político se dá por controlada, pero que deixa profundas cicatrices no tecido produtivo.

Retos que en ocasións teñen un carácter máis externo que interno e que deben abordarse desde a unidade do conxunto do sector, mediante pactos sectoriais, como sinalou o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo.

Pero son retos que se encaran tras unha década "moi ben aproveitada", como destacou o relator do plan, o director da Escola de Negocios Novacaixagalicia, Eduardo García-Arqueaga.

Os grandes logros conseguidos nesta década teñen un maior valor cando se comparan co punto de partida: é así como podemos comprobar o recorrido que o primeiro Plan Director marcaba nas súas primeiras -e pioneiras- conclusións.

Abonda un exemplo para establecer esa distancia: se no 2003 os viños de Rías Baixas vendíanse nun 60 % nos mercados próximos ou interiores (é dicir: vendíamoslle o viño aos nosos veciños) hoxe estamos exportando cerca de un tercio das vendas e, en canto aos prezos, facturamos máis do dobre.

"O mundo é moi grande para tan pouco albariño", como dicía daquela o I Plan Director. E segue a ser hoxe unha máxima válida.

Polo demais, o decálogo exposto polos responsables deste II Plan Director inclúe outros aspectos destacados:

-A responsabilidade do Consello como garante da calidade duns viños que teñen alcanzado un alto nivel de notoriedade, baixo a marca Albariño e Rías Baixas.

-A necesidade de unir forzas para atopar un equilibrio interno, sobre todo entre o sector industrial e os viticultores, se queremos afrontar a saída da crise con garantías.

-A aposta decidida por un modelo non productivista, defendendo políticas de calidade e diferenciación que teñen dado claras mostras de solidez nos mercados, mesmo en momentos onde as baixadas de prezos foron xeneralizadas.

-Esta aposta ten como obxectivo superar os 24 millóns de litros comercializados no horizonte de 2018.

-A cooperación para o desenvolvemento de estruturas comerciais conxuntas é un dos retos que hai que encarar, se as pequenas adegas queren abordar os mercados nacionais e internacionais. Así como os grandes mercados exteriores poden parecer privativos das grandes ou medianas adegas, nada impide a colaboración das máis pequenas para acceder a mercados de nicho, como poden ser as viñotecas.

-O incremento das vendas e as accións de mercado pasan necesariamente pola maior capacidade de innovación en produtos e en conceptos, para chegar aos novos públicos. E só podemos conseguir unha maior competitividade traballando con profesionais competentes.

Unha serie de aspectos importantes deste decálogo xiran arredor do concepto de territorio: a base material sobre a que se apoia todo o sector e que cobra un especial protagonismo nun momento de transición xeracional sendo como é o viño non só unha industria, senón tamén -é sobre todo- unha cultura que hai que transmitir.

-A sostibilidade medioambiental é un dos aspectos máis relevantes, que ademais está moi vinculada a factores de innovación. Reducir os tratamentos fitosanitarios, minimizar os seus custes, reciclar os residuos e experimentar novos produtos, impoñen necesidades de investigación que están en relación directa coa definición dun modelo agrario de alta cualificación. Un modelo que aposta polo I+D+i como estratexia xeral dun desenvolvemento que asegure a sostibilidade territorial de cada ao futuro. Un modelo para o que é preciso contar cun Centro Tecnolóxico específico, que poida converter o potencial dos factores territoriais e varietais nun valor engadido en cada fase da cadea produtiva.

O sector non pode estar só nesta tarefa. Debe pedir que a ad-

ministración pública asuma o seu papel na defensa dunha sostibilidade territorial, destacando o valor engadido da viticultura no conxunto da política agraria.
Porque falamos ao cabo dun sector que representa en Galicia o 1,77% do chan rústico, pero que xera un 11,89 % do emprego, con 7.000 postos de traballo fixos no seu territorio de implantación (aos que habería que engadir un mínimo doutros 5.000 de xeito eventual). Expresado en termos máis gráficos: un sector que ten un nivel de emprego similar ao de 14 floteis. Pero sobre todo, un factor decisivo na economía da zona na que se asenta.
É certo que o escenario produtivo tradicional, no que se apoiou sempre o sector, presenta hoxe serias dúbidas de viabilidade para afrontar os retos dos mercados.
As políticas públicas apostan pola cooperación, insisten na agrupación orientada á comercialización e exclúen a intervención directa na xestión. Pero tamén ofrecen liñas de colaboración específicas entre empresas e centros de investigación, que poden servir para incrementar a eficacia produtiva; ou axudas para transformar as instalacións no mesmo sentido da eficiencia, que nos tempos que corren xa non serán axudas a fondo perdido.
Pero ademais, a imaxe de marca aportada pola denominación Rías Baixas engade hoxe un factor decisivo no desenvolvemento turístico, capaz de estender a súa influencia positiva a outros sectores grazas a iniciativas e plans concretos de promoción turística asociados a esta zona xeográfica.
En definitiva, resaltar os valores da colaboración e da cooperación no marco dunha aposta decidida por un produto, unha marca e unha D.O, que despois de dez anos -e no medio da peor crise económica de moitas décadas- ten manifestado unha envexable solidez e un gran potencial para o futuro.

A vendima

Perfecta maduración para unha colleita escasa

Unha vendima histórica, con cerca de 34 millóns de quilos de uva recollida, só superada pola cantidade obtida en 2011, con cerca de 42 millóns de quilos.

Os servizos técnicos destacaron a grande calidade da uva e o seu bo estado sanitario á entrada das 171 adegas que elaboraron nesta campaña 2013 na Denominación.

O rendemento medio estimado ao inicio da campaña, duns 8.509 quilos por hectárea, resultou finalmente un pouco inferior. Colleita pois de calidade, que houbo de facerse moi rapidamente debido ás adversas condicións meteorolóxicas. De feito, a consecuencia das chuvias caídas nos días anteriores á vendima, unha pequena parte da colleita viuse afectada pola botrite, sen que resultara diso unha perda relevante dado o importante volume recollido.

Outro aspecto a destacar foi a recollida de cantidades importantes das castes brancas Caíño branco, Torrontés e Godello, que veñen sumarse nas gráficas de produción ás clásicas Albariño, Loureiro e Treixadura, aspecto novidoso na Memoria deste ano.

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño comercializado (Hl.)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	UVA IMPORTADA	UVA EXPORTADA
Condado do Tea	540.432	1.287.083
O Rosal	462.706	375.717
Ribeira do Ulla	11.396	801.000
Soutomaior	0	29.554
Val do Salnés	1.927.668	448.848
TOTAL	**2.942.202**	**2.942.202**

UVA VINIFICADA	UVA VENDIMIADA
6.627.264	7.373.915
3.790.608	3.703.619
427.473	1.217.077
15.382	44.936
22.882.759	21.403.939
22.882.759	**33.743.486**

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2013)

Viticultores



TOTAL: 6.667

Superficie (Ha.)



TOTAL: 4.064

Superficie - viticultor



MEDIA: 0,60

Parcelas



TOTAL: 23.386

Parcelas- viticultor



MEDIA: 3,51

RENDEMENTOS ANOS 2007-2013

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Has./Kg.)



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (KG./L.)



PRODUCCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2013

ALBARIÑO



Condado do Tea	6.992.117
O Rosal	3.134.389
Ribeira do Ulla	1.197.862
Soutomaior	39.342
Val do Salnés	21.364.568

TREIXADURA



Condado do Tea	164.678
O Rosal	66.368
Ribeira do Ulla	6.316
Soutomaior	807
Val do Salnés	1.000

LOUREIRO



Condado do Tea	36.112
O Rosal	158.708
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	722
Val do Salnés	2.550

CAÍÑO BRANCO



Condado do Tea	558
O Rosal	276.586
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	0
Val do Salnés	515

TORRONTÉS



Condado do Tea	14.373
O Rosal	0
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	1.375
Val do Salnés	0

GODELLO



Condado do Tea	3.993
O Rosal	41.798
Ribeira do Ulla	0
Soutomaior	2.690
Val do Salnés	2.001

TINTAS



Condado do Tea	162.084
O Rosal	25.770
Ribeira do Ulla	12.899
Soutomaior	0
Val do Salnés	33.305

TOTAL PRODUCCIÓN POR CASTES 2013

ALBARIÑO	32.728.278
TREIXADURA	239.169
LOUREIRO	198.092
CAÍÑO BRANCO	277.659
TORRONTÉS	15.748
GODELLO	50.482
TINTAS	234.058

TOTAL: 33.743.486

PRODUCIÓN POR CASTES 2007-2013

Albariño



Loureiro



Treixadura



Outras brancas



Tintas



UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
CONDADO DO TEA	366.570	308.578	416.293	929.191	929.191	678.258	1.287.083
O ROSAL	512.251	324.622	336.277	473.771	473.771	247.687	375.717
RIBEIRA DO ULLA	166.670	238.544	231.188	566.114	566.114	418.086	801.000
SOUTOMAIOR	6.736	11.835	16.971	27.744	27.744	11.583	29.554
VAL DO SALNÉS	504.155	525.741	500.498	565.214	565.214	193.283	448.848

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
CONDADO DO TEA	571.731	553.659	415.993	565.567	889.518	297.404	540.432
O ROSAL	560.758	432.226	514.693	579.413	746.652	201.441	462.706
RIBEIRA DO ULLA	27.120	12.933	22.275	14.826	21.515	4.964	11.396
SOUTOMAIOR	0	32.203	0	0	0	0	0
VAL DO SALNÉS	396.773	378.893	548.2 66	1.402.228	2.230.941	1.045.088	1.927.668

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2008-2013



PROPORCIÓN ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2013



(Intervalos de volume en litros) **TOTAL ADEGAS: 171**

EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2006-2013 (Datos en Kg.)

	CONDADO DO TEA	O ROSAL	RIBEIRA DO ULLA	SOUTOMAIOR	VAL DO SALNÉS
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208
2009	5.196.576	3.326.376	347.521	17.188	14.736.425
2010	6.704.377	3.902.618	521.611	23.440	20.534.470
2011	8.351.613	5.050.329	578.056	24.055	27.783.730
2012	3.562.618	2.240.957	277.201	7.581	11.479.520
2013	6.627.264	3.790.608	427.473	15.382	22.882.759



EXPORTACIÓNS 2008-2013 (Volume en litros)

2008	
EE.UU.	1.580.470
REINO UNIDO	364.820
PORTO RICO	149.976
ALEMAÑA	135.879
SUIZA	97.483
MÉXICO	83.442
NORUEGA	73.846
HOLANDA	69.586
SUECIA	65.779
BÉLXICA	50072
RESTO	360.082

2009	
EE.UU.	1.634.389
REINO UNIDO	342.336
ALEMAÑA	155.888
PORTO RICO	130.926
SUIZA	120.366
MÉXICO	101.175
HOLANDA	67.794
SUECIA	54.492
NORUEGA	52.119
BÉLXICA	52.022
RESTO	346.068

2010	
EE.UU.	1.902.032
REINO UNIDO	422.823
PORTO RICO	171.597
MÉXICO	112.299
ALEMAÑA	88.868
SUIZA	86.132
FRANCIA	69.579
BÉLXICA	68.438
AUSTRALIA	67.183
HOLANDA	61.841
RESTO	497.324

2011	
EE.UU.	2.266.103
REINO UNIDO	457.994
ALEMAÑA	210.022
PORTO RICO	189.476
MÉXICO	139.443
SUIZA	115.389
HOLANDA	89.349
NORUEGA	74.711
BÉLXICA	71.955
CANADÁ	64.897
RESTO	520.105

2012	
EE.UU.	2.511.407
REINO UNIDO	537.604
ALEMAÑA	316.504
PORTO RICO	216.126
HOLANDA	180.255
MÉXICO	126.899
SUIZA	126.165
IRLANDA	91.003
NORUEGA	83.367
BÉLXICA	72.177
RESTO	681.530

2013	
EE.UU.	2.634.314
REINO UNIDO	695.862
ALEMAÑA	454.726
PORTO RICO	223.429
MÉXICO	191.225
HOLANDA	154.762
SUIZA	104.284
IRLANDA	102.118
BÉLXICA	98.162
SUECIA	92.457
RESTO	700.330



EXPORTACIÓNS 2013 (Por países)



Alemaña	454.726,10
Austria	6.345,50
Bélxica	98.162,50
Bulgaria	0,00
Dinamarca	15.487,00
Finlandia	26.997,00
Francia	27.302,25
Grecia	99,00
Holanda	154.762,00
Irlanda	102.118,70
Italia	9.186,75
Luxemburgo	1.559,00
Portugal	1.501,50
Reino Unido	695.862,25
Hungría	54,00
Polonia	13.032,00
Rep. Checa	707,00
Letonia	2.176,00
Chipre	193,50
Lituania	2.266,00
Estonia	1.125,75
Eslovaquia	0,00
Malta	986,00
Eslovenia	9,00
Suecia	92.457,75
Romanía	0,00
TOTAL UE	**1.707.116,55**

Andorra	42.778,85
Islandia	630
Liechtenstein	0,00
Noruega	89.170,25
Suíza	104.284,50
TOTAL EEE	**236.863,60**
Rusia	20.401,50
Outros	6.179,00
RESTO EUROPA	**26.580,50**
Arxentina	600,00
Brasil	41.950,75
Canadá	77.534,50
Colombia	22.015,50
Cuba	3.780,00
El Salvador	135,00
Guatemala	2.058,00
E.E.U.U.	2.634.314,75
México	191.225,25
Nicaragua	144,00
Porto Rico	223.429,50
Costa Rica	11.990,50
Rep. Dominicana	27.052,25
Venezuela	2.707,50
Perú	3.950,25

Panamá	36.916,00
Uruguai	540,00
Outros	6.980,50
TOTAL AMERICA	**3.287.324,25**
China	19.142,25
Xapón	76.726,00
Filipinas	2.982,00
Singapur	4.297,75
Taiwán	1.224,00
Outros	7.877,75
TOTAL ASIA	**112.249,75**
Nova Zelandia	2.647,50
Australia	57.128,75
TOTAL OCEANIA	**59.776,25**
Emiratos Árabes	21.758,25
Outros	0,00
TOTAL AFRICA	**21.758,25**
TOTAL MUNDIAL	**5.451.668,90**

INGRESOS ORDINARIOS

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.857.150,00**	**1.762.323,97**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	**1.705.400,00**	**1.607.423,97**
01 - CUOTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (CUOTA VIÑEDO)	202.400,00	202.985,36
02 - CUOTAS / PRODUTOS AMPARADOS (CUOTA VIÑO)	1.200.000,00	1.107.543,94
03 - CUOTA INSCRICIÓNS (ADEGAS E VITICULTORES)	15.000,00	22.700,00
04 - IMPORTES POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	288.000,00	274.194,67
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	151.750,00	154.900,00
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**20.000,00**	**0,00**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	20.000,00	0,00
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**11.000,00**	**13.232,07**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**325.000,00**	**773.475,03**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	325.000,00	773.475,03
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCEIROS	**500.000,00**	**500.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	500.000,00	500.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.713.150,00**	**3.049.031,07**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**188.300,00**	**182.153,60**
ARTIGO 13 - LABORAIS	152.000,00	148.035,76
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	36.300,00	34.117,84
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**163.750,00**	**147.796,00**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	12.100,00	11.688,54
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	109.150,00	104.893,94
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	42.500,00	31.213,52
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCEIROS	**2.000,00**	**1.581,03**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.000,00	1.581,03
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**	**2.125,86**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	2.125,86
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**357.050,00**	**333.656,49**

CONTROL DE CALIDADE	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**374.500,00**	**307.651,09**
ARTIGO 13 - LABORAIS	160.000,00	154.064,36
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	50.000,00	48.179,83
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	164.500,00	105.406,90
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**396.700,00**	**348.962,65**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	396.700,00	348.962,65
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**10.000,00**	**3.617,90**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	10.000,00	3.617,90
TOTAL CONTROL CALIDADE	**781.200,00**	**660.231,64**
CAMPAÑA DE PUBLICIDADE		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**646.100,00**	**553.401,08**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	646.100,00	553.401,08
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**646.100,00**	**553.401,08**
PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**85.800,00**	**80.932,13**
ARTIGO 13 - LABORAIS	65.000,00	61.838,21
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	20.800,00	19.093,92
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**843.000,00**	**543.816,92**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	843.000,00	543.816,92
TOTAL PROMOCIÓN	**928.800,00**	**624.749,05**
TOTAL GASTOS	**2.713.150,00**	**2.172.038,26**
RESUMO DE INGRESOS		
CUOTAS E CONTRAETIQUETAS	1.705.400,00	1.607.423,97
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	162.750,00	168.132,07
SUBVENCIÓNS	345.000,00	773.475,03
REMANENTE ANOS ANTERIORES	500.000,00	500.000,00
TOTAL	**2.713.150,00**	**3.049.031,07**
RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	357.050,00	333.656,49
CONTROL DE CALIDADE	781.200,00	660.231,64
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.574.900,00	1.178.150,13
TOTAL	**2.713.150,00**	**2.172.038,26**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**876.992,81**

INFORME DE AUDITORIA DE CUENTAS ANUALES

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado las cuentas anuales del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** (el Consello) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2013, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha. La Dirección es responsable de la formulación de las cuentas anuales del Consello, de acuerdo con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad (que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, que requiere el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de si su presentación, los principios y criterios contables utilizados y las estimaciones realizadas, están de acuerdo con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

2.- En mi opinión, las cuentas anuales del ejercicio 2013 adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** al 31 de diciembre de 2013, así como de los resultados de sus operaciones correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Vigo, a 16 de mayo de 2014

María del Pilar Carballo Fidalgo
ROAC nº17904

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

900 Resolucións de expedientes
32 Desprazamentos atención viticultores
227 Cambios de titularidade
114 Baixas de viticultores
153 Incremento de parcelas
238 Auditorías de viñedos
751 Actualizacións de viñedos

AUDITORÍA SOBRE ADEGAS

Auditoría completa de certificación: 64
Auditoría de control sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados): 229
Auditorías de inscrición: 3
Supervisión de transportes: 212
Adegas nova inscrición: 3
Marcas autorizadas: 93
Baixas: 2
Cambios de titularidade: 4

AUDITORÍA DE VENDIMA

70 veedores
22,371 partidas de uva
173 Informes de auditoría de control de vendima
Control directo sobre 173 adegas elaboradoras en 2013
Control de 452 transportes de uva entre e dentro de subzonas da D.O.

CATAS

Desenvolvemento, preparación, colaboración e loxística en diferentes catas, (Catas do Consello, Cata de Cambados, Catas a Xornalistas e Sumilleres, Catas en actos promocionais como en Minifeiras, etc.) precinto de partidas, supervisión da cata e loxística.

RECOLLIDA E CERTIFICACIÓN DE MOSTRAS

Recollida de mostras:
1.438
Sesións de cata:
116
Sesións extraordinarias de apelación:
16
Catadores para catas ordinarias:
48
Catadores para comités de apelación:
6
Litros catados e analizados mostra por mostra en laboratorios acreditados:
17,574,577

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Se desenvolveron cursos e charlas destinadas a formación e a profesionais, en feiras nacionais, a grupos de sumilleres, estudantes de hostalería, Institutos. Desenvolveuse un curso de formación do Panel de Cata do Consello sobre Análise sensorial conforme aos requisitos da Norma UNE-EN-ISO/IEC 17.025, en acreditación de paneis de cata.

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-ISO/IEC 17.065

En colaboración co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo, estase a ultimar o desenvolvemento de metodoloxía e documentación así como na progresiva implantación, como paso previo á acreditación, que pretende conseguirse definitivamente neste ano 2014.

Ao longo de 2013, ENAC (Entidade Nacional de Acreditación) comezou os traballos de auditoría coa revisión documental, tarefa que rematará coa auditoría nas adegas e instalacións do Consello Regulador que se leva a cabo en 2014.

CONTROL DE MERCADO

Leváronse a cabo labores de control en 17 establecementos comerciais de Galicia, onde se controlaron 445 mostras, de 141 marcas pertencentes a 54 adegas

SEMINARIOS EN SUÍZA
28 Xaneiro
Un ano máis celebrouse nunha das prestixiosas escolas de Restauración en Suiza, a Schweizerische Hotelfachschule de Lucerna, unha serie de seminarios sobre Rías Baixas conducido por Christian Baur en xaneiro e abril.

VISITA FERNÁNDEZ CUESTA
19 Febreiro
O prestixioso xornalista do ABC, Juan Fernández Cuesta visitou a nosa Denominación durante tres días.

SEMINARIO EN NORUEGA
11 Marzo
Durante a 9ª edición da Feria Viner Fra Spania (Viños de España) de Oslo, organizada pola Oficina Económica e Comercial da Embaixada de España en Oslo e o ICEX. Tivo lugar un seminario sobre os viños da D.O.Rías Baixas. Asistiron 40 profesonais entre sumilleres, sector HORECA, prensa especializada e responsables do monopolio de viños noruegués.

FEIRA FEVINO - FERROL
11-14 Marzo
O Consello Regulador da DO Rías Baixas estivo presente nesta feira bianual de Ferrol, cun estand para degustación e información.

CENA BACCHUS - MADRID
18 Marzo
A D.O. Rías Baixas patrocinou a cea de gala que tivo lugar durante a celebración do Concurso International Bacchus. 80 catadores nacionais e internacionais degustaron un amplo abano de marcas da anada 2012, pertencentes a un total de 17 adegas.

FEIRA PROWEIN - DUSSELDORF
24-26 Marzo
O Consello Regulador participou na importante feira internacional Prowein de Dusseldorf, cun estand para degustación e accións de comunicación e información. Paralelamente celebrouse unha cata guiada pola prestixiosa sumiller Yvonne Heistermann, á que asistiron uns 40 profesionais do sector alemá e centroeuropeo.

FEIRA GOURMETS – MADRID
8-11 Abril
O Consello Regulador participou dentro do pavillón de Galicia nesta importante feira, nun dos mercados preferentes para o viño Rías Baixas.

FESTA DO VIÑO DE VEDRA
13-14 Abril
Un ano máis o Consello Regulador apoiou coa súa presenza esta celebración do viño.

CAMPAÑA USA
15-18 Abril
A presentación do Plan de Actividades para a campaña 2013-14 nos EE.UU. tivo lugar nunhas xornadas celebradas no Pazo de Mugartegui, na que se analizaron os actos desenvoltos na anterior campaña. Participaron os representantes do ICEX e o IGAPE, xunto á encargada da axencia Cornerstone Communications, que leva adiante os plans de promoción no país.
Tamén participou nas xornadas Brian Freedman, gañador do concurso "Embaixador do viño Rías Baixas" o ano anterior, que foi invitado a coñecer de primeira man o noso sector, ademais da nosa rexión, a súa cultura e gastronomía.

VISITA PROFESIONAIS DE IRLANDA
9-3 Abril
Dentro das actividades previstas para o plan de Irlanda 2013 organizouse unha viaxe de prensa e sumilleres que visitaron tres das subzonas da Denominación, para realizaren algunhas catas, acompañados por Izaskun Zurbitu, analista de mercado da Oficina Económica e Comercial de Dublín.

TÚNEL DO VIÑO – SEVILLA
25 Abril
Celebrouse en Sevilla un "túnel do viño" organizado para o sector profesional. Tras unha rolda de prensa de presentación, o acto contou coa presenza de representantes da prensa especializada e xeneralista, sumilleres, distribuidores, escolas de hostalería e clubes de viños, tendas especializadas, viñotecas, restaurantes e hoteis, e asociacións profesionais relacionadas co sector.

VISITA MICHAEL SCHACNER
23-26 Abril
Michael Schacner, editor da prestixiosa revista americana "Wine Enthusiast", visitou a nosa Denominación para coñecer as súas particularidades sobre o terreo e explorar as posibilidades dos Rías Baixas.

FORMACIÓN EN IRLANDA
19-23 Abril
Dentro dos programas de formación en Irlanda desenvolvéronse dous seminarios dirixidos pola sumiller irlandesa Lisa O'Doherty.
O primeiro destinado a estudiantes da especialidade de Hostalería e Turismo do Dublin Institute Technology, e o segundo aos membros do Irish Guild of Sommelliers.

TÚNEL DO VIÑO – ARBO
1-5 Maio
Durante a celebración da Festa da Lamprea de Arbo, organizouse por primeira vez un "túnel do viño" para que os visitantes poideran gozar dunha modalidade novidosa de achegamento aos nosos viños.

FEIRA FENAVIN
7-9 Maio
O Consello Regulador da D.O. Rías Baixas participou, como ven sendo habitual, dentro do pavillón da Xunta de Galicia, neste importante certame vinícola celebrado en Ciudad Real.

MINIFEIRA BARCELONA
13 Maio
Un ano máis celebrouse en Barcelona unha minifeira dirixida ao sector profesional. Iniciada cunha xornada técnica orientada a 25 sumilleres da cidade, o evento completouse cunha sesión de cata e degustación ofrecida polas adegas participantes ao sector profesional convocado ao efecto. Participaron no acto uns 500 profesionais dos sector comercial, distribución, servizos, formación e prensa.

"O VIÑO DO MAR" EN DUBLÍN
21 Maio
Coa asistencia de representantes do sector turístico e cultural, asi como consumidores e profesionais do viño, foi presentado no Instituto Cervantes de Dublín o libro "Rías Baixas, el Vino del Mar".
Interviron no acto representantes da Oficina de Turismo de España e do Consello Regulador, así como a galardoada sumiller irlandesa Lisa O'Doherty.

VISITA PROFESIONAIS SUECOS
28-31 Maio
Dentro das actividades destinadas aos mercados internacionais, desenvolveuse unha viaxe de representantes de prensa e sumilleres de Suecia á nosa Denominación de Orixe, onde visitaron tres das subzonas e cataron diversas elaboracións dos nosos viños.

ALMORZO EN MÉXICO D.F.
3 Xuño
O Consello Regulador organizou en colaboración coa Oficina Comercial de México D.F. e a oficina PEXGA en México un almorzo con motivo da participación na feira "Alimentaria México 2012". Acudiron 40 personas, entre as que se atopaban distribuidores, prensa especializada, sumilleres e representantes da oficina comercial e da Embaixada de España en México.

ALIMENTARIA MÉXICO D.F.
4-6 Xuño
O Consello Regulador participou na feira "Alimentaria México 2012", con un stand de 14 m² dentro do pabellón oficial do Icex. Dado o aumento das exportacións a este país, decidiuse realizar algunha actividade de apoio aos viños de Rías Baixas, para reforzar a súa imaxe.

SALIMAT SILLEDA
13-16 Xuño
O Consello Regulador apoiou un ano máis a participación das adegas na Semana Verde de Silleda, SALIMAT. Stands de 9 m² bajo o paraugas común da D.O. Rías Baixas déronse cita neste salón, de catro días de duración, dous para o sector profesional e dous para o consumidor de a pé.

FESTA DO VIÑO DE BARRO
14-16 Xuño
O Consello Regulador colaborou un ano máis nesta festa local.

FEIRA VINEXPO BURDEOS
16-20 Xuño
O Consello Regulador participou cun stand de 16 m², dentro do pavillón español do Icex. Mais de 60 marcas estiveron expostas e ofreceron degustacións ao sector profesional que visitou a feira.

PRESENTACIÓN EN VALENCIA
27 Xuño
O Consello Regulador presentou a anada de viños no Hotel Valencia Palace. Pola mañán acudiron os medios de comunicación da cidade a unha rolda de prensa na que o presidente anunciou a calificación da anada 2012. Pola tarde invitouse ao sector profesional (hostalaría, alimentación, sumilleres, distribución,...) a degustar os viños da anada 2011.

PRESENTACIÓN EN MADRID
2 Xullo
O Consejo Regulador convocou á prensa nacional no Restaurante do hotel Villamagna para anunciar a calificación de la anada 2012. Despois dun aperitivo na terraza, o presidente do Consello desvelou a calificación de "moi boa" para la anada 2012. Máis de 50 periodistas do mundo do viño e a gastronomía, ademais da prensa xeneralista déronse cita no evento.

CATA GALLAECIA
17 Xullo
Membros da Asociación de Sumilleres do Norte de Galicia déronse cita na sede do Consello Regulador para catar e puntuar os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas. Todos os años achéganse ás nosas instalacións para celebrar esta cata da que saen as distincións concedidas por esta Asociación.

FESTA DO ROSAL
19-21 Xullo
O Consello Regulador Rías Baixas participou na feira cun stand. O venres 19 de xullo tivo lugar un almorzo no que estivo presente o alcalde do Rosal e diferentes representantes de adegas e personal do Consello Regulador.

ENCONTRO CO VIÑO DE AUTOR
24 - 28 Xullo
Un ano mais o Consello Regulador colaborou nesta festa que se celebra en Meaño.



EXPOSICION "RIAS BAIXAS, O VIÑO DO MAR"
26 de Xullo
O 26 de xullo inaugurouse a exposición "Rias baixas, o viño do mar" en Cambados. Con motivo o XXV aniversario da Denominación editouse o libro "Rías Baixas, o viño do mar", con imaxes do fotógrafo Xurxo Lobato e textos do xornalista Cristino Álvarez.

FESTA DO VIÑO TINTO RÍAS BAIXAS
27 y 28 Xullo
O Consello Regulador estivo nas Neves para apoiar esta festa que xa se ten convertido nunha cita ineludible.

FESTA DO ALBARIÑO
31 Xullo – 4 Agosto
O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, organizou nesta 60 edición da Festa do Albariño un total de 42 stands, nos que estiveron presentes

42 adegas e que se dispuxeron ao longo do Paseo da Calzada dende o mércores primeiro de agosto ata o domingo 5. Además contouse coa visita de 10 xornalistas de recoñecido prestixio da prensa nacional, para os que se organizaron unha serie de actividades.

O venres tivo lugar unha cea no Restaurante Pepe Vieira coa prensa especializada que formaba parte do panel de cata externo e cos integrantes do pleno do Consello Regulador.

O sábado levouse a cabo a primeira fase, a "cata prima", no salón Barón do Parador de Cambados e posteriormente houbo unha travesía en barco pola Ría con xantar a bordo dun catamarán. Finalmente, tivo lugar unha cea no Restaurante Yayo Daporta.

O domingo, levouse a cabo a fase derradeira, o acto de investidura do Capítulo do Serenísimo e o almorzo oficial coa entrega de premios aos gañadores do concurso.

SEMINARIOS EN SUÍZA

19 Agosto

Dentro do programa de actividades que se desenvolve en Suíza dende hai algúns anos, levouse a cabo un Seminario sobre Rías Baixas nunha das mais prestixiosas escolas de alta restauración de Suiza (Schweizerische Hotelfachschule Luzern). Este Seminario, como noutras ocasións, foi conducido por Christian Baur, profesor da SHL.

FEIRA DO CONDADO

23-25 Agosto

O Consello Regulador participou na Feira cun stand de exposición de produto e material promocional.

SHOWROOM EN LONDRES

17 Setembro

O Consello Regulador participou no showroom "The Sitt" (Specialist Importers Trade Tasting) que se celebra en Londres. Trátase dunha cata que amosa viños exclusivos, diferentes ás grandes marcas presentes nos supermercados. Un lugar ideal para os viños de Rías Baixas, dada a súa reputación de brancos de gran calidade. Está dirixido a importadores, minoristas independentes, sumilleres, prensa…etc. Tivo lugar en "The Royal Horticultural Society" de Londres.

Paralelamente también se levou a cabo unha *"masterclass"* sobre os viños da D.O. Rias Baixas que foi conducida polo prestixioso *"master of wine"* Peter McCombie

RECEPCIÓN EN TOKIO

17 Setembro

Con motivo da celebración do Ano Dual en Xapón, tivo lugar unha recepción na Embaixada de España en Tokio, na que se ofreceu unha degustación de produtos españois de calidade.

CATA PARA LA CADENA "WAITROSE"

Septembro de 2013

James Bone e Nick Room , do equipo de compras da "cadena Waitrose" do Reino Unido, viaxaron a Galicia do 16 ao 19 de Setembro. Estiveron en Rías Baixas para facer unha cata de viños. En total cataron 25 marcas, correspondentes a 25 adegas. A finalidade era ter un coñecemento máis amplo dos viños da D.O. Rías Baixas para incorporar ao seu porfolio de produtos.

SEMINARIOS EN ALEMAÑA

23 e 25 setembro

Dentro das actividades levadas a cabo dentro do Plan de Alemaña, organizaronse dous seminarios-catas no marco da "Feira de Viños de España" que organiza a Oficina económica e comercial de España naquel país. Houbo dous seminarios (un na cidade de Wiesbaden e outro en Hamburgo) que estiveron dirixidos á canle HORECA, sumilleres e prensa.

VISITA DE XORNALISTAS DOS PAÍSES BAIXOS

23 a 26 Setembro

Dentro das actividades relacionadas cos Países Baixos, organizouse unha viaxe de prensa. Os xornalistas viñeron acompañados por Germán Muñoz, de "Terroir". Visitaron tres das subzonas da Denominación e cataron diferentes elaboracións, co que voltaron ao seu país cun coñecemento bastante amplo da Denominación.

VISITA DE XORNALISTA CANADÁ

24 – 26 Setembro

Dentro das actividades para Canadá organizouse unha viaxe de prensa á que acodiron catro xornalistas acompañados por Pilar Randolph, Directora de "Wines From Spain" de Canadá. Visitaron tres das subzonas das Denominación y cataron diferentes viños.

PROGRAMA DE RADIO "HOY POR HOY"

27 de Setembro

A Denominación de Orixe Rías Baixas patrocinou o programa "Hoy por Hoy" da Cadena Ser, co gallo da celebración de seu 25 aniversario. O equipo de "Hoy por hoy" desprazouse á D.O. Rias Baixas para realizar o programa en directo. Asimismo aproveitouse a época de vendima para que algúns redactores poidesen ver a vendima peculiar e diferente de Rias Baixas e poder transmitila os ouvintes.

FORMACIÓN NOS PAÍSES BAIXOS

Setembro-Novembro

O Consello Regulador organizou 9 seminarios de formación en Bélxica durante os meses de setembro, outubro e novembro, coa colaboración da Vlaamse Wijngilde (principal asociación de enófilos

de Benelux con máis de 2.500 membros), dirixidos a os asociados das diferentes delegacións da Asociación. As xornadas constaban dunha charla sobre o *Terroir* da Denominación e a cata de vinos presentes no mercado belga e unha posterior degustación.

DÍA DA HISPANIDADE
12 Outubro
Co gallo da celebración do Día da Hispanidade desenvolvéronse eventos en cidades coma Dublín, Berlín ou Cidade de México.

VISITA DE XORNALISTAS DO REINO UNIDO
2-5 Outubro
Catro xornalistas e un sumiller, acompañados por María Jose Sevilla, Directora de "Foods & Wines from Spain" en Londres, visitaron a D.O. Rías Baixas..

SEMINARIOS EN SUÍZA
28 Outubro
No programa de actividades que se realizan en Suiza dende hai algúns anos, levouse a cabo un Seminario sobre Rías Baixas nunha das máis prestixiosas escolas de Alta Restauración de Suiza (Schweizerische Hotelfachschule Luzern). Este seminario, como noutras ocasións, foi conducido por Christian Baur, profesor da SHL

FORMACIÓN NOS PAÍSES BAIXOS
Outubro-Novembro
O Consello Regulador organizou dous seminarios de formación en Holanda nos meses de outubro e novembro, coa colaboración da revista "PERSWIJN" e a Asociación de Sumilleres de Holanda). As xornadas constaban dunha charla sobre o *Terroir* da Denominación, unha cata de viños presentes no mercado belga e unha posterior degustación de marcas non importadas.

FORMACION EN ALEMAÑA
23 de Outubro
Seminario de formación monográfico da D.O Rías Baixas nunha Escola de Sumilleres de Alemania.

MINIFEIRA EN BILBAO
24 Outubro
Bilbao acolleu unha minifeira dirixida ao consumidor final no Hotel Gran Domine. Despois dunha rolda de prensa houbo unha cata e degustación con adegas. O acto central, desenvolvido pola tarde, consistiu nunha degustación ofrecida polas adegas ao sector profesional. Ao longo da tarde, os visitantes poideron catar viños das diferentes adegas, falar cos adegueiros e degustar os canapés que acompañaron aos caldos. Ao longo da xornada mais de 400 profesionais do sector acudiron á cita de Rías Baixas.

PRESENTACION EN TOKIO
7 Novembro
A D.O. Rías Baixas colaborou con Turismo de Galicia na presentación do Camiño de Santiago en Tokio.

ALMORZO EN KIOTO
7 Novembro
Organizouse un almorzo de maridaxe de viños de la D.O. Rías Baixas e diferentes elaboracións. Tivo lugar no restaurante español "Sidra", de moda en Kioto. Convidouse a un grupo de prescriptores: xornalistas, profesores de academias de viño, sumilleres, compradores, etc.

CEA EN KIOTO
7 Novembro
Organizouse unha cea de maridaxe entre viños da D.O. Rías Baixas e pratos da gastronomía xaponesa. Foi no restaurante tradicional xaponés "Kinobu".

SEMINARIO EN OSAKA
7 de Novembro
Durante a viaxe a Xapón desenvolveuse tamén un seminario–cata dirixido aos alunos da Escola de Viño de Osaka

FERIA FOOD&HOTEL CHINA 2013
13-15 de Novembro
A D.O. Rías Baixas dentro do pavillón ofical do Icex, cun stand de 12m² no que participaron 30 marcas de Rías Baixas.

VISITA DE PROFESIONAIS DE SUÍZA
7-21 Novembro
Organizouse unha viaxe de prensa e importadores suizos. Viñeron acompañados por Alicia Metteler, responsable da consultora suiza "Mettler Vaterlaus GMBH". Visitaron tres das subzonas da Denominación e cataron diferentes elaboracións.

MINIFEIRA EN LONDRES
25 Novembro
Desenvolveuse na cidade de Londres unha minifeira dirixida ao sector profesional. Por primeira vez levouse a cabo unha minifeira a nivel internacional que tivo lugar no *"The River Room Glaziers Hall"* de Londres. Participaron 13 adegas e foi un evento profesional dirixido a sumilleres, importadores e educadores do viño.

EXPOSICION EN FERROL
12 Decembro
Ata o 25 de Xaneiro de 2014 estivo aberta a exposición "Rias baixas, o viño do mar" en Ferrol. A exposición recolle un total de 70 imaxes do libro do mesmo título publicado co gallo do XXV Aniversario da Denominación de Orixe. A exposición estivo conformada por unha selección de 30 fotografías do prestixioso fotógrafo coruñés Xurxo Lobato, así como dous cubos, con 8 paneis cada un, que amosaron outras 40 imaxes e que estiveron colocados cara á cidade de Ferrol no exterior do edificio que albergou la mostra. Tamén houbo obradoiros para nenos preparados para a ocasión pola Fundación Novacaixagalicia.

CURSO DE INGLÉS
16 -19 Decembro
Por sexto año consecutivo, celebrouse un curso de inglés específico do viño. O profesor Andrew Black impartiu 20 horas lectivas de luns a xoves nun horario de 16.00 a 21.00 horas.

CRECEMENTO EN 2012

3 Xaneiro

Os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas cerraron o ano 2012 cuns esperanzadores resultados tanto no mercado nacional como no internacional. Así, a data de 26 de decembro de 2012, os litros de viño calificado polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas incrementáronse nun 8,18% con respecto ao mesmo período do ano anterior. En concreto, pasouse dos 17.177.803 litros calificados a 26 de decembro de 2011 aos 18.584.059 litros calificados o 26 de decembro de 2012. As cifras de exportacións dos viños de Rías Baixas tamén amosan optimismo para o sector, pois durante a campaña 2011-2012 (que comprende entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de agosto de 2012) o volumen medrou un 0,24% e o valor un 6,07% con respecto á campaña anterior. Os datos tradúcense en 4.082.877, 52 litros exportados nesta campaña fronte aos 4.073.075,38 litros da campaña anterior; mentres que o valor ascende a 22.948.064,10€. O forte dinamismo das adegas e o seu esforzo por gañar cuota no mercado exterior está a ser recompensado coa posta en circulación de preto de cinco millóns e medio de botellas que se reparten por un total de 55 países.

Estados Unidos segue a ser o principal mercado, onde se rexistraron unhas vendas de 1,6 millóns de litros. A segunda posición no ránking é para o Reino Unido, un mercado tradicional para esta denominación de orixe que supera os 564.000 litros.. Completa o pódium Alemaña con 385.127 litros importados.

APOSTA POLO ENOTURISMO

30 Xaneiro

A D. O. Rías Baixas e o Concello de Pontevedra uniron forzas nunha aposta clara polo enoturismo no que a concelleira de Turismo de Pontevedra, Carlota Román, calificaba como "unha maridaxe entre as adegas e a cidade". Ambas entidades asinaron un convenio de colaboración que contempla a difusión conxunta dos productos asociados á Ruta e á cidade de Pontevedra. O presidente da D. O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, e a concelleira e presidenta de Turismo de Pontevedra materializaron o acordo de colaboración que inclúe accións conxuntas encamiñadas a outorgar unha maior visibilidade dos produtores asociados

á D.O Rías Baixas, nas actividades de promoción turística de Turismo de Pontevedra. Así, desenvolveranse programas que destaquen tanto a singularidade das instalacións - adegas, edificios históricos- como outras actividades turístico culturales: rutas, xornadas de degustación, catas, etc.

PLANIFICACIÓN DA PROMOCIÓN

1 Marzo

A D.O. Rías Baixas analizou o intenso programa promocional previsto para 2013, cunha planificación que incluía actividades de promoción dos viños de Rías Baixas en ferias nacionais e internacionais; presentacións en diferentes cidades da península ibérica, así como a organización de diferentes catas con xornalistas especializados e visitas de prescriptores e medios especializados.

No ámbito internacional, a D.O. Rías Baixas apostábase polo crecemento de vendas en ditos mercados a través da participación nas principales feiras mundiais, así como a través da organización de actividades de promoción nos mercados máis relevantes. Estaba previsto tamén desenvolver misións inversas con prescriptores e xornalistas internacionais.

Estados Unidos, Reino Unido ou Alemaña son mercados onde se intensifican este tipo de estratexias de promoción internacional. O incremento das exportacións conduciu a desenvolver diferentes accións noutros mercados como Noruega, Suecia, Irlanda e Canadá.

Además, a D.O. Rías Baixas manterá a súa colaboración coas Escolas de Alta Restauración de Suiza, coa ONAV (Asociación Nacional de Enólogos de Italia), con prescriptores nos Países Baixos, e cunha Escola de Hosteleria de Noruega e outra en Canadá. Como novidades, destacaban un plan de promoción en Brasil, Irlanda e Canadá con actividades previstas para prescriptores e prensa especializada, sumilleres e distribuidores. En Xapón terá lugar uhna nova campaña *"By the glass"* en Kioto, así como a tradicional cea-maridaxe con comida xaponesa dos viños de Rías Baixas.

A presenza nas principais feiras internacionais así como as presentacións en distintas cidades españolas e a campaña promocional específica no mercado madrileño, completaban o panorama de promoción para 2013.

UN DÍA DE RADIO

11 Marzo

Para celebrar o 25 aniversario de la D.O. Rías Baixas, o Pazo de Mugartegui acolleu a emisión ininterrumpida de diferentes programas a nivel nacional, rexional e local de Onda Cero, entre as 6 h. e as 20h.

Desprazáronse a Pontevedra os xornalistas Carlos Herrera e Julia Otero cos seus equipos, e desde alí realizaron os seus programas, "Herrera en la Onda" e "Julia en la Onda" onde entrevistaron a representantes do Consello Regulador e diversas autoridades galegas.

ASCENSO DAS EXPORTACIÓNS

13 Marzo

Os mercados internacionais mantivéronse en constante ascenso na Denominación de

Orixe Rías Baixas, que veu como as súas vendas internacionais se incrementaron máis do 17 % en volume e máis dun 16 % en valor durante o exercicio 2012. Pese a incertidume económica, os viños de Rías Baixas manteñen optimismo nos mercados internacionais, conseguindo vender no exterior 4.943.037 litros en 2012,o que se traduciu en 26.281.005 euros.

As vendas ao exterior na D.O. Rías Baixas xa supoñen un 26 % do total de viño cualificado que está presente en 57 países, alguns tan lonxanos como Australia, Nova Zelanda ou Xapón. Estados Unidos segue a acaparar as vendas internacionais con 2.511.407 litros e, 12.518.260, seguido polo Reino Unido, segundo no ranking e principal cliente no continente europeo con 537.604 litros, traducido en euros 2.682.360. Completan o ranking dos dez principais destinos: Alemaña con 316.504 l., Porto Rico, Holanda, México, Suíza, Irlanda, Noruega, e Bélxica.

19 MEDALLAS NOS BACCHUS

27 Marzo

A D.O. Rías Baixas mantivo a súa aposta pola calidade dos seus viños e unha mostra foron os resultados obtidos no certame dos Bacchus, onde viños de Rías Baixas obtiveron 8 Bacchus de Ouro e 11 Bacchus de prata, a maoría destes viños pertencían á anada 2012, pero tamén houbo marcas premiadas de anadas de 2009, 2010, e 2011. Na XI edición participaron máis dun millar de viños de diferentes países.

Por outra parte, o crítico de viños españois para a guía, The Wine Advocate, Neal Martín, visitou a D.O. Rías Baixas o pasado outubro para coñocer 'in situ' os seus viños. Nesta viaxe, o crítico inglés catou máis de 200 viños, dos que 169 pasaban o corte de 85 ou máis puntos esixidos pola guía para ser seleccionados.

PRESENTACIÓN "O VIÑO DO MAR"

4 Abril

Nun acto solemne presidido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo e o seu homólogo na D.O. Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, foi presentado o libro "Rías Baixas, o viño do mar". Ao acto asistiron tamén outras autoridades entre as que se encontraban o delegado do goberno e a conselleira do Medio Rural e do Mar.

A obra, dirixida polo fotógrafo Xurxo Lobato e que contou coa colaboración do xornalista galego Cristino Álvarez , recolle en 265 fotografías de Xurxo Lobato, o ciclo da viña nas diferentes estacións do ano e a elaboración do viño desde a vendima ata a súa comercialización.

Unha obra en galego, castelán e inglés quefala do territorio, a paisaxe, as adegas, o clima, as luces, a marcada personalidade das súas xentes e os seus viños, así como traballos de viticultura durante as catro estacións do ano, con especial atención á vendima, como un retrato e a razón de ser destes 25 anos da Denominación Rías Baixas.

SEMINARIO SOBRE IRLANDA

12 Abril

Coa finalidade de coñecer o mercado irlandés desenvolveuse un seminario sobre "O mercado de Viños en Irlanda", ao que asisteron 18 adegas. Para o presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, "Irlanda preséntase como un mercado estratéxico", ao ocupar a oitava posición nas exportacións.

Durante o seminario, os representantes das adegas tiveron ocasión de catar o dous viños blancos máis vendidos na restauración e nos supermercados de Irlanda, para coñecer de primeira man os puntos fortes e febles da súa competencia no mercado irlandés.

Izaskun Zurbitu, analista de mercado da Oficina Económica e Comercial en Dublín, convidou ás adegas asistentes a explotar "o concepto de viño celta, que vencella a Irlanda con Galicia". Engadíu que ademáis de ter moita relevancia para os irlandeses, Rías Baixas "é a única denominación de orixe que pode presumir de ter un viño celta".

Lisa O'Doherty, sumiller irlandesa, puxo a disposición das adegas os seus máis de 10 anos de experiencia e lembrou que Irlanda é un país non produtor de viño, cunha cultura moi recente de viño e moi aberto ao gran mercado mundial. Dentro da canle HORECA, distinguiu entre os pubs cunha tendencia máis aperturista a probar novos viños e a restauración, cun perfil de consumo de viños máis clásico.

CATA PARA THE WINE SOCETY

23 Abril

Dous membros de The Wine Society visitaron varias adegas nas diferentes subzonas da D.O. Rías Baixas, e realizaron unha cata de viños. Así, Pierre Mansour e outro integrante da Asociación cataron 40 marcas de Rías Baixas, das anadas 2011 e 2012, no Pazo de Mugartegui. O que máis chamou a atención a este prescriptor foi "a gran diversidade que hai nos viños de Rías Baixas, elaborados a partir da variedade albariño" admite Mansour.

"The Wine Society" é tal vez o clube de viños con máis historia do mundo. Foi fundado en 1874 no Reino Unido e conta con máis de cien mil socios. O obxectivo dos membros fundadores, que se mantén na actualidade, é mercar viños directamente dos produtores ao fin de garantir a súa autenticidade e calidade. Pola súa parte, Reino Unido é o segundo mercado das exportacións de Rías Baixas con 537.604 litros, traducido en 2.682.360 euros.

BASQUE CULINARY CENTER
30 Abril
Os 99 alumnos e tres profesores da segunda promoción do Basque Culinary Center culminaron a súa viaxe de formación a Galicia coa visita adegas das subzonas de O Rosal e Condado da D.O Rías Baixas. O obxetivo era introducirse no coñecemento da excelente materia prima coa que conta Galicia.
Anteriormente a viaxe de formación levounos ao Salnés, onde tomaron contacto cos viños desta subzona, o seu modo de produción e as características organolépticas que caracterizan os viños de Rías Baixas, a través de varias catas nas adegas. Os alumnos tamén tiveron oportunidade de profundizar na ran riqueza pesqueira das Rías a través do contacto directo co producto na Lonxa de Cambados, onde asistiron ao proceso de subasta, así como ao exhaustivo proceso de control sanitario tanto das zonas de produción como de produto que realiza o Intecmar e coa cría e desenvolvemento de estratexias de conservación e reprodución destas especies que leva adiante o IGAFA.
A visita culminou cun showcooking en Lagar de Pintos, onde os futuros profesionais da restauración poidieron tomar contacto con destacados cociñeiros do Grupo Nove encabezados por Pepe Solla, así como con produtos de alta calidade de diferentes denominacións e indicacións de orixe galegas.

SEMINARIOS-CATA EN IRLANDA
3 Maio
No marco da campaña de promoción da D.O. Rías Baixas por terras irlandesas, a finais de abril, cinco marcas desta denominación protagonizaban dous seminarios-cata baixo o paraguas da D.O en Dublín. 25 estudiantes de cursos avanzados de Dublin Institute Technology Universidad, Facultadde de Hostelería e Turismo poideron degustar estes viños celtas, guiados por Lisa O'Doherty, sumiller irlandesa no complexo de cinco estrelas K Club.
Membros do Irish Guild of Sommelliers de Irlanda tamén participaron nun seminario-cata de cinco viños da D.O. Rías Baixas, todos eles pertencentes á anada 2011. Novamente a sumiller irlandesa Lisa O'Doherty foi a encargada de transmitirlle todas as peculiaridades destes viños celtas e atlánticos aos prescriptores irlandeses.

ACTIVIDADES EN IRLANDA
20-22 Maio

Con motivo da celebración dos 25 aniversario da Denominación de Orixe de Rías Baixas, desenvolveronse diversas actividades en Irlanda.
No Instituto Cervantes en Dublín foi presentado o libro "Rías Baixas, o viño do mar" nun acto no que ademáis se cataron viños de Rías Baixas. Tamén tivo lugar unha cea maridaxe no exclusivo Hotel The Martker, presidida polo Embaixador de España en Irlanda, Javier Garrigues, coa presenza de vintecinco relevantes xornalistas irlandeses de prensa, radio e televisión, especialistas en gastronomía e viños.

VISITA BASQUE CULINARY CENTER
25 Maio
A formación na cultura del viño complementada coa gastronomía galega centraron a segunda visita dos 67 alumnos do Grao en Gastronomía e Artes Culinarias do Basque Culinary Center a Rías Baixas. Alumnos e profesores poideron coñecer as distintas adegas da D.O, e o proceso de selección e elaboración destes viños, entendendo a importancia que os produtores lle dan á trazabilidade da uva, xa que a materia prima é fundamental para conseguir un bo produto.

CELEBRACIÓN EN MADRID
26 Maio
A Denominación de Orixe Rías Baixas celebrou o seu 25 aniversario en Madrid coa acción "25 aniversario, 25 locais Top". Tratouse de cinco citas nas que se amosou a versatilidade destes viños nalguns dos locais madrileños máis cosmopolitas, como mercados, terrazas, locais afterwork, restaurantes internacionais e vinotecas da capital. Nos mercados San Antón e Isabela, un sumiller convidou aos asistentes a combinar estes viños cunha selección de tapas populares. Máis de 300 persoas foron partícipes desta promoción. Ademáis, estes viños también se degustaron con especialidades criollas en tres restaurantes peruanos de prestixio.

CATA DA GUÍA PEÑÍN
29 Maio
150 viños de Rías Baixas foron valorados polo director da Guía Peñín, Carlos González, que visitou o Pazo de Mugartegui para catar os viños desta denominación de orixe que formaron parte da próxima edición da Guía Peñín dos Viños de España 2013. Carlos González aseguro que "sen dúbida hoxe os viños brancos de referencia en España son os Rias Baixas, as medias son as máis altas da Guía".
Como xa é habitual , a cata da Guía Peñín realizouse a botella vista, ao non tratarse dunha cata cega, sen que ao catador se lle ofreza ningún tipo de información a maiores das marcas que son obxecto de cata. En canto ás marcas abarcan todas as tipoloxías e variedades, aínda que maioritaramente foron as anadas 2012 e 2011 e tamén algunha elaboración especial de espumoso.

PREMIO VÍDEO "UN ANO DE VINO"
11 Xuño
O vídeo promocional da D.O. Rías Baixas "Un ano de viño" recibíu dous premios no XX Festival Internacional de Oenovideo, celebrado en Carcassonne, Francia, durante a primeira fin de semana de xuño. O vídeo de Rías Baixas recibíu os galardóns á mellor curtametraxe promocional –concedido polo xurado oficial quen foi unánime, pois lle pareceu unha forma diferente de comunicación comercial- e tamén ao mellor contorno paisaxe –entregado por un dos patrocinadores do certame.

ANADA 2012, "MOI BOA"
2 Xullo
O Pleno do Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Rías Baixas calificou como "Moi Boa" a Anada 2012. Este anuncio foi realizado polo presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo,no ano no que esta entidade celebrou o 25 aniversario da súa constitución. A calificación da Anada, tarea encomenada ao Pleno do Consello Regulador, é o resultado "dunha rigorosa política de calidade e sesudos informes técnicos", asegurou o presidente do Consello Regulador.
Para chegar a esta conclusión, o Pleno encarga un informe técnico ao Órgano de Control e Certificación da Denominación, responsable da acreditación dos viños. Ademáis deste informe, que compara datos estatísticos de colleitas anteriores con valoracións de vendima, o Pleno do Consello Regulador tamén ten en conta outros factores como as puntuacións obtidas polos viños nos concursos nacionais e internacionais, guías, así como os comentarios dos expertos.

CONVENIO CO BANCO SANTANDER
15 Xullo
O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, e o director territorial de Empresas do Grupo Santander, Miguel Alonso Fernández, asinaron un convenio de colaboración para facilitar o acceso aos servizos financieiros de Grupo Santander as adegas amparadas por esta denominación de orixe.
Juan Gil de Araujo explicou que con este acordo "desde o Consello Regulador pretendemos, nestes tempos de dificultade económica, facilitar ás empresas o acceso aos servizos financieiros nas mellores condicións posibles".

PREMIO ESTRATEXIA EMPRESARIAL
18 Xullo
Nunha ceremonia presidida polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, Juan Gil de Araujo, presidente da D. O Rías Baixas, recolleu o premio á Estratexia Empresarial na III Edición dos Premios Executivos Galicia. O galardón reconecía "o papel da Denominación de Orixe como referente empresarial no sector vitivinícola durante estes 25 anos", feito que se sustenta nas altas tasas de internacionalización conseguidas e na categorización dos seus viños como un dos grandes referentes mundiais.

TUNEL DO VIÑO EN CAMBADOS
1 Agosto
No marco da LXI Festa Rías Baixas Albariño de Cambados, celebrouse a terceira edición do Túnel do Viño Rías Baixas no Salón de Congresos e Exposicións José Peña de Cambados. Poideron degustarse un total de 114 marcas pertenecentes a 60 adegas desta denominación de orixe. O presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas, Juan Gil de Araujo, destacou na xornada de apertura que "se trata dunha oportunidade para catar diferentes tipos de viño Rías Baixas, nun contorno que se axusta ás necesidades dunha sá de catas e coa posibilidade de contar co apoio e o asesoramento dun sumiller". O coste da entrada era de 15 euros, prezo que incluía unha sesión de cata de duas horas e o agasallo dun cataviños co logotipo conmemorativo do 25 aniversario da Denominación de Orixe Rías Baixas.

BODAS DE PRATA CATA CONCURSO
2 Agosto
A Cata Concurso Rías Baixas Albariño celebrou o seu 25 aniversario, coincidindo coa do Consello Regulador. Durante este cuarto século de historia son moitos os relevantes profesionais que pasaron polo seu panel de cata externo e que, grazas a súa adicación e cariño, contribuiron, ao que hoxe é a Cata Concurso de Rías Baixas Albariño, aínda que os seus inicios foron modestos. Un ano máis e nestas merecidas bodas de prata ,o salón de actos do Parador de Cambados acolleu unha nova edición da Cata-Concurso Rías Baixas Albariño 2013, enmarcada dentro das actividades da LXI Festa Rías Baixas Albariño de Cambados. Nesta edición contou coa participación de 54 marcas. Só tres acadaron un dos prestixiosos premios, que as situarán entre os mellores Rías Baixas-Albariño de 2012 e que se outorga durante a comida oficial do Capítulo Serenísimo. Esta Cata Concurso, organizada polo Consello Regulador da D.O. Rías Baixas, contou cun panel de cata integrado por 23 expertos, pertencentes ao panel de cata interno deste Consello e a un externo, disposto para a ocasión.

CATA FESTA DO ALBARIÑO CAMBADOS
5 Agosto
En torno a 200.000 persoas asistiron á Festa do Albariño, na que o primeiro galardón foi para Esencia Diviña de Adegas Gran Vi-

num. Despois de catar 54 marcas de Rías Baixas en dous días, os profesionais que integraron o panel de cata da XXV Cata Concurso Rías Baixas Albariño decidiron que os premios desta edición recaisen en Esencia Diviña, de Adegas Gran Vinum (Medalla de Ouro); Valtea, de Bodegas Vilarvín (Medalla de Prata) e Paco y Lola, de Cooperativa Vitivinícola Arousana (Medalla de Bronce). Nas súas bodas de prata a Cata Concurso Rías Baixas Albariño convertiuse nun referente para os viños de Rías Baixas.

126 GALARDÓNS EN CONCURSOS

13 Agosto

Os viños de Rías Baixas consolidaronse entre os mellores viños brancos do mundo. As marcas desta denominación incrementaron o número de premios, chegando a un total de 126 galardóns recollidos ao longo deste ano en relevantes concursos nacionais e internacionais (21 ouros, 52 pratas, 33 bronces e 20 mencións). Cabe destacar que os viños espumosos de Rías Baixas xa colleitaron os seus primeiros galardóns con 5 premios (2 pratas, 2 bronce e 1 mención) Entre estes concursos atópase o Concurso Bacchus 2013, no que se conseguiron 8 ouros e 11 pratas; mientras que no Decanter World Wine Awards os viños desta denominación obtiverron 8 pratas, 18 bronces e 8 mencións.

EXPOSICIÓN "O VIÑO DO MAR"

19 Agosto

Preto de 1.200 persoas visitaron no Centro Sociocultural da Fundación Novacaixagalicia da Coruña a exposición fotográfica «Rías Baixas, o viño do mar», integrada por 70 imaxes do fotógrafo galego Xurxo Lobato. A exposición supuxo unha aproximación ao mundo do viño da Denominación de Orixe Rías Baixas e se inspirou no libro realizado por este prestixioso artista e editado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas con motivo do seu 25 aniversario.

PREVISIÓNS DE VENDIMA

27 Agosto

Os servizos técnicos adiantaban nas súas previsións de vendima que a colleita sería abundante e que agardaban un rendimento medio de 8.000 quilos por hectárea. A uva atopábase nun estado sanitario satisfactorio e debido ás previsións climatolóxicas se estimaba que a data de inicio se retrasaría unha semana con respecto ao calendario normal na D.O. Rías Baixas.

DISTINCIÓNS GALLAECIA

5 Setembro

Na decimosexta edición dos Distinguidos Gallaecia a D.O. Rías Baixas alzouse como unha das denominacións máis premiadas ao acadar 26 distincións, cinco máis que na anterior edición. Os premios recairon na súa maoría na anada 2012, aínda que tamén hai presenza de viños pertencentes a anadas de 2006, 2009, 2010 y 2011. A última cata, da que sairon os Distinguidos deste ano, contou cun xurado excepcional: sumilleres e técnicos das distintas denominacións de orixe galegas.

DECANTER WORLD WINE

10 Setembro

Unha marca de Rías Baixas recibiu por segundo ano consecutivo, un International Trophy ao mellor viño monovarietal por enriba de 15 libras nos Decanter World Wine Awards, entregados durante unha cea de gala celebrada no Royal Opera House. Ademáis, a D.O Rías Baixas coñeceu que fora nominada aos premios Wine Star, organizados pola revista norteamericana Wine Enthusias, dentro da categoría de "Rexión Vinícola do Ano". Tamén unha enóloga da D.O. foi nominada por estes premios no apartado do "Enólogo do Ano".

NORMATIVA DE VENDIMA

23 Setembro

O Pleno do Consello Regulador da D.O.P. Rías Baixas aprobou las Normas de Vendima para a campaña 2013. O obxectivo que se persegue con estas normas é o de apostar pola máxima calidad e a garantía de orixe da materia prima, todo elo co ánimo de manter a confianza que os consumidores teñen depositado nos viños elaborados nesta Denominación de Origen.

AUDITORIAS EN 27 ADEGAS

17 Setembro

O Consello Regulador contou con máis de 70 veedores na vendima, algún menos que a pasada campaña. O motivo é que algúns destes veedores, concretamente seis, xa se convertiron en auditorese participan por primeira vez nunha experiencia piloto que este ano o Consello Regulador de Rías Baixas puxo en marcha na Denominación. O obxectivo desta experiencia é que as adegas se autocontrolen, como di a normativa europea.

Un grupo de 27 adegas serán auditadas por primeira vez. "Como é a primera experiencia que facemos desde o Consello Regulador temos celebrado unhas reunións previas con estas adegas que xa están avisadas de como se desenvolverá todo o proceso. O obxectivo é ver cómo funciona este control de cara a introducilo a todas as adegas" comentou o director do Órgano de Certificación e Control do Consejo, Agustín Lago.

6.677 VITICULTORES EN VENDIMA

4 Outubro

As cinco subzonas da Denominación están inmersas nos traballos de vendima. O Órgano de Control e Certificación indica que ata o momento recolléronse 9.670.000 kilos de uva, na súa maioria procedente das subzonas de O Rosal, Condado do Tea e Soutomaior. Unha campaña á que despois se sumaron as subzonas de O Salnés e de Ribeira do Ulla. Un total de 6.677 viticultores e 175 adegas da D.O. Rías Baixas participaron na campaña de vendima en Rías Baixas. A recolleita lévarase a cabo a man nas 4.064 hectáreas inscritas na denominación, das que o 96% corresponde a uva da variedade albariño.

PLAN DE ACTIVIDADE INTERNACIONAL

18 Outubro

Na súa oposta por incrementar a súa presenza nos mercados exteriores, a D.O. Rías Baixas reuniuse con 21 adegas nun encontro no que os presentes coincidiron en que se manterá a aposta polos mercados maduros, con un rápido retorno, como poden ser Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña, Porto Rico, Holanda, e, que logo explorará mercados potenciais como Panamá Colombia, Paraguai, e Rusia a través de accións puntuais.

Seguindo con esta filosofía de traballo, o Consello Regulador tiña previsto organizar un showroom dos viños de Rías Baixas con adegas en Londres o 25 de novembro. Unha acción dirixida a prescriptores ingleses, cunha experiencia que servirá para deseñar as actuacións promocionais de 2014. Como novidade, o Consello Regulador anunciou que ten previsto acodir o vindeiro ano á feira Prowein cun stand xenérico-marquista, similar ao de Alimentaria Barcelona, onde cada adega contou cun espazo propio como coexpositora.

SEGUNDA MELLOR COLLEITA

26 Outubro

Con preto de 34 millóns de quilos de uva vendimada, a colleita deste ano é a segunda maior na historia da Denominación de Orixe Rías Baixas, só superada pola cantidade obtida en 2011, cuando case se acadaron os 42 millóns.

Segundo datos aportados polo Consello Regulador, unha vez concluída a campaña o pasado 19 de outubro, se recolleron 33.743.486 quilos de uva nas 4.064 hectáreas inscritas, o que supón un incremento do 92% respecto á colleita do año anterior. Dentro das variedades brancas, a producción da variedade Albariño volve a ser abrumadoramente maioritaria, representando o 97% do total, aínda que se afianzan o Loureiro, a Treixadura e o Caíño Blanco.

CRECEN AS EXPORTACIÓNS UN 25%

29 Outubro

O volume das exportacións dos viños de Denominación de Orixe Rías Baixas creceu durante a campaña 2012-2103 un 25,2 por cento con respecto á anterior, o que pon de manifesto que o esforzo realizado polo sector para incrementar a súa presenza e nos mercados internacionais está a ser acompañado por excelentes resultados.

Con máis de cinco millóns de litros exportados a casi 60 países de todo o mundo, as cifras da recente campaña reflicten o salto de xigante realizado na última década, na que se triplicou o volume das exportacións, mentres que o seu valor incrementouse máis dun 220% en relación coa campaña do ano 2003-2004 e un 14,6% con respecto á anterior, alcanzando un total de 26,3 millóns de euros.

Na actualidade, as adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas destinan aos mercados exteriores o 29 por cento do viño que comercializan.

PEQUENAS ADEGAS E EXPORTACIÓN

22 Novembro

Nuna acción formativa orientada ás adegas de tamaño pequeno, tivo lugar unha xornada de traballo con máis de 25 adegas que polo seu tamaño non exportan ou o fan con pequenos volumes a países moi concretos.

O presidente e o secretario do Consello, Juan Gil e Ramón Huidobro, manifestaron que o que se pretendía era proporcionar ferramentas para facilitar o acceso destas adegas de menor tamaño aos mercados internacionais. En concreto, refiriéronse ás axudas existentes desde diferentes administracións de apoio ás exportacións, tanto desde o IGAPE como desde a OCM ou a recente sinatura do convenio de colaboración coa Cámara de Comercio de Vilagarcía.

Pola súa parte, os representantes das adegas pediron a organización de cursos de formación, centrados na iniciación a esta materia, trámites e documentos habituais, atención a visitas, mercados concretos de interese, así como o desenvolvemento de cursos de inglés.

PREMIADO "O VIÑO DO MAR"

13 Decembro

O libro "Rias Baixas, o viño do mar, el vino del mar, the wine of the sea" da D. O. Rias Baixas foi elexido como "Best Wine Book Award 2013" na categoría de libro de fotografía de bebida e viño de España.

Durante 2013 comprobamos como a relevancia das redes sociais xeneralistas veuse plenamente consolidada. Isto traduciuse nun incremento constante dos seguidores nas comunidades on-line da D.O. Rías Baixas.

OS MÁIS VISITADOS

4.000 VISITAS

VÍDEO. Un año de vino
Publicado o 24/01/2013

1.400 VISITAS

LIBRO Rías Baixas, el vino del mar
Publicado o 05/04/2013

CRECEMENTO SUPERIOR AO 100% EN TWITTER

Tanto en Twitter como en Facebook, o perfil da nosa comunidade é maioritariamente masculino e de grandes cidades (Madrid, Barcelona...), ademais de Galicia

A COMUNIDADE DE FACEBOOK MEDROU UN 43%

Facebook e Twitter foron dúas ferramentas que puxemos en marcha para apoiar as accións *off line*, tanto misións inversas como minifeiras, festas e outras actividades.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA